ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:34:09
Nº Rexistro: 54594

Data envío: 02/09/2019 09:34:09.525

Data 02/09/2019 09:34

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47011**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da adaptación dalgún dos inmobles de titularidade pública existentes en situación de abandono ou desuso no concello para a creación da Casa da Xuventude do Carballiño”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado xestiona un total de 12 antigas Casa da Xuventude, actualmente denominados Espazos Xoves, que forman parte dos recursos da Rede galega de información xuvenil.

Cómpre destacar que nestes espazos conxúganse actividades directamente programadas pola dirección do centro, desde a propia Dirección Xeral, e mesmo desde diferentes entidades e asociacións xuvenís e culturais das distintas contornas.

Así mesmo, cómpre lembrar que estes Espazos Xoves de xestión autonómica conviven con outras casas da xuventude de carácter municipal, impulsadas e xestionadas directamente polos concellos.

A Dirección Xeral de Xuventude, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias e recursos, ten colaborado puntualmente con algúns destes espazos de titularidade municipal a nivel de pequeno equipamento e mesmo de programación de actividades.

Por suposto, esta liña de colaboración, e sempre que as posibilidades o permitan, pode ser explorada en futuras ocasións.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:34:09
Nº Rexistro: 54594
Data envío: 02/09/2019 09:34:09.525

É importante destacar que sería unha colaboración puntual, e non de asunción da xestión dunha nova Casa da Xuventude, posto que a rede autonómica actual está limitada por eses 12 Espazos Xoves.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:34:09
Nº Rexistro: 54594
Data envío: 02/09/2019 09:34:09.525

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:34:05

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:34:01
Nº Rexistro: 54593
Data envío: 02/09/2019 09:34:01.119
Data 02/09/2019 09:33

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47057**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa a poboación do cervo nalgunhas zonas de Galicia como a de Monfero, Aranga e Irixoa e o alcance dos danos que ocasiona na actividade agrogandeira, así como as previsións do Goberno galego respecto da inclusión desta especie nas axudas para a prevención e compensación dos danos provocados pola fauna salvaxe”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Nos concellos de Monfero, Aranga e Irixoa está constatada a presenza dunha pequena poboación de cervos. Con todo, non constan denuncias de danos ocasionados por esta especie.

Na orde correspondente a 2016 incluíuse a posibilidade de que se puidesen solicitar axudas para previr danos ocasionados polas distintas especies da fauna silvestre. Cómpre destacar que das 1.113 solicitudes ningunha correspondeu a danos ocasionados polo cervo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:34:01
Nº Rexistro: 54593
Data envío: 02/09/2019 09:34:01.119

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:33:57

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:33:45
Nº Rexistro: 54591
Data envío: 02/09/2019 09:33:45.275
Data 02/09/2019 09:33

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47262**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre “**as previsións do Goberno galego respecto da realización de xestións diante do Concello de Abadín co fin de garantir a accesibilidade dunha vivenda da parroquia de Abeledo situada no barrio do Couto**”, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A mellora da calidade de vida de **toda a poboación** e, especialmente, das persoas con mobilidade reducida é un dos obxectivos fundamentais da Xunta de Galicia.

Neste senso, o compromiso da Xunta pasa por remover os obstáculos que impiden ou dificulten que as persoas con algún tipo de discapacidade poidan gozar dunha vida autónoma e independente. Por iso é preciso a supresión de barreiras na edificación, nos espazos urbanos, no transporte e na comunicación.

En marzo de 2015 entrou en vigor a Lei 10/2014, do 3 de decembro de **accesibilidade**. Aínda que Galicia xa contaba cunha norma específica na materia, a Lei 8/1997, do 20 de agosto, *de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia*, posteriormente desenvolvida polo Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei e o Código de accesibilidade, normas que estableceron as bases para a supresión de barreiras na edificación, nos espazos urbanos, no transporte e na comunicación, e para a promoción da accesibilidade e a mellora da calidade de vida e a autonomía das persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

Un feito obxectivo é que, tanto a lei de accesibilidade anterior do ano 1997 como a actual, foron aprobadas baixo gobernos do Partido Popular, sen dúbida exemplo claro dun



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 3

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
02/09/2019 09:33:39

174477

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





compromiso para acadar unha **sociedade inclusiva**, sen atrancos que impidan a participación de todas as persoas.

Este Goberno é consciente de que é necesario seguir traballando para que a **accesibilidade universal** sexa un principio básico na práctica cotiá, de xeito que todas as persoas poidan acceder en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible, a calquera contorno, servizo, produto..., é dicir, que o conxunto da poboación, con independencia das súas capacidades, teña acceso aos mesmos.

Ademáis, non se pode obviar a grande relevancia que a accesibilidade ten na vida das persoas con discapacidade, de xeito que o Goberno galego renovou o compromiso da Xunta de Galicia para avanzar na consecución da igualdade real das persoas con discapacidade e a súa plena inclusión social, coa aprobación da **Estratexia Galega Sobre Discapacidade 2015-2020**, e que comprende 6 liñas estratéxicas de actuación.

Unha delas é a *Liña de Accesibilidade* que ten como obxectivo estratéxico asegurar a **accesibilidade universal** que faga posible a participación das persoas con discapacidade nos distintos ámbitos en igualdade de condicións que o resto da poboación; concretamente esta liña comprende actuacións a realizar no horizonte temporal desta Estratexia, a cal foi deseñada e elaborada polas propias entidades representativas das persoas con discapacidade que participaron no grupo de traballo que se creou con esta finalidade.

Este compromiso materializouse nos últimos anos a través do impulso e da posta en marcha de actuacións dirixidas a garantir os dereitos e a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias: adaptando as infraestruturas, instalacións e equipamentos para dar estrito cumprimento aos criterios de igualdade, autonomía e inserción social.

Nese compromiso que ten o Goberno galego cómpre que todas as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, traballen a reo para que accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía sexa unha realidade. **Este Goberno continuará realizando todos os esforzos nese senso.**

No que respecta ao problema de accesibilidade no Concello de Abadín, a Xunta de Galicia, a través da Comisión Técnica de Accesibilidade da Consellería de Política Social, remitiu sendos requerimentos para que o Concello, titular da vía pública e por tanto competente para executar a obra, proceda canto antes á subsanación dos efectos negativos das obras





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:33:45
Nº Rexistro: 54591
Data envío: 02/09/2019 09:33:45.275

realizadas que imposibilitan a unha persoa con discapacidade o acceso a súa vivenda no lugar de Coto na parroquia de Abeledo.

Dita Comisión Técnica reúnese en función da entrada de peticións, celebrándose a última reunión en xuño do 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:33:45
Nº Rexistro: 54591
Data envío: 02/09/2019 09:33:45.275

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:33:39

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:33:32
Nº Rexistro: 54590
Data envío: 02/09/2019 09:33:32.994
Data 02/09/2019 09:33

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47291**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego para evitar a deterioración ou supresión do servizo público de axuda no fogar no concello de Forcarei, así como o seguimento e as inspeccións levadas a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Remitimos a resposta facilitada polo director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade á pregunta oral en comisión con número de rexistro 47292 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario e que tivo lugar na sesión da Comisión 5ª do 28 de marzo do 2019.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-03-28?part=1503c6a7-60fd-4bd0-9c9f-4314568655a7&start=9008.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-03-28?part=1503c6a7-60fd-4bd0-9c9f-4314568655a7&start=9008)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:33:32
Nº Rexistro: 54590
Data envío: 02/09/2019 09:33:32.994

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:33:28

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:33:24
Nº Rexistro: 54589
Data envío: 02/09/2019 09:33:24.510
Data 02/09/2019 09:33

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47351**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da idoneidade do Concello de Malpica, fronte a outros concellos como o de Camariñas e Corcubión, para o posible asinamento polo Goberno galego dun convenio de colaboración para a construción dun centro de día, así como as actuacións que vai levar a cabo para facilitar a apertura do centro rematado no concello de Corcubión”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Remitimos a información facilitada polo Xerente do Consorcio Galego Servizos de Igualdade e Benestar á pregunta oral en comisión con número de rexistro 47350 formulada polo mesmo grupo parlamentario e sobre o mesmo tema, e que tivo lugar na sesión da Comisión 5ª do 28 de marzo do 2019.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emplego-2019-03-28?part=1503c6a7-60fd-4bd0-9c9f-4314568655a7&start=9928.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:33:24
Nº Rexistro: 54589
Data envío: 02/09/2019 09:33:24.510

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:33:20

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47444**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas á incidencia que vai ter a avespa velutina durante a primavera, a avaliación que fai do impacto das medidas aplicadas para a súa eliminación e os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías do Medio Rural e Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que ten o seguinte contido:**

“A Xunta ten en marcha un plan integral de loita contra a vespa velutina no que participan diferentes departamentos da Xunta, de xeito coordinado, máis dun cento de concellos e a comunidade investigadora.

Traballamos arreo para facer fronte a este insecto, como o demostran as seguintes cifras:

- No que vai de ano retiramos ou inactivamos máis de 6.700 niños en toda Galicia.
- Neste mesmo ano repartíronse case 12.717 trampas, máis de 5.000 botes de líquido atraente e máis de 71.200 monodoses. Este material repartíuse á totalidade dos apicultores de Galicia.

Pero ademais, a Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Este ano a contía para ditas achegas supera os 600.000 euros.

Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

Doutra banda, tamén cómpre sinalar que Medio Rural destina uns 300.000 euros aos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) para financiar parte das tarefas de retirada e eliminación de niños de velutina.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:33:16
Nº Rexistro: 54588
Data envío: 02/09/2019 09:33:16.369

Por outra banda, engadir que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda participa no proxecto 'Interreg Atlantic Area: Atlantic POSitive (Vespa velutina)', que ten como obxectivo principal contribuír á preservación dos servizos de polinización a través do desenvolvemento de métodos conxuntos para o control desta especie. A execución deste proxecto esténdese ata o ano 2021.

O enfoque transnacional é un aspecto chave fundamental para o control efectivo desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.

Este proxecto promove a colaboración entre organizacións académicas, administrativas, produtivas e sociais incluíndo a cooperación cos xerentes das áreas naturais e o sector apícola, como principais implicados no deseño e implementación das ferramentas que se xeren no proxecto.

Ademais, o Goberno galego conta cun protocolo específico de vixilancia e control fronte á vespa asiática no que colaboran departamentos da administración autonómica e local, así como representantes do sector apícola. E no que tamén intervén a cidadanía en xeral no ámbito da detección de individuos ou de niños desta vespa.

Así mesmo, no marco do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e as universidades de Vigo e Santiago de Compostela tense avanzado no estudo do comportamento, hábitat e impacto nos ecosistemas de vespa velutina”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:33:16
Nº Rexistro: 54588
Data envío: 02/09/2019 09:33:16.369

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:33:11

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47503**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da implantación dun servizo de escolas infantís para os empregados públicos da Administración autonómica en Santiago de Compostela, así como a realización dunha planificación ao respecto nos centros de traballo propios máis importantes”**, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos dez anos, **o Goberno galego púxose á cabeza de Galicia no que respecta á mellora da conciliación**. Fixémolo tanto para dar exemplo ao resto de axentes sociais como para reforzar a rede de benestar da que hoxe desfrutamos todas as galegas e galegos.

Os resultados desta aposta histórica pola creación de recursos de conciliación están á vista de todos:

- Desde 2009 **duplicouse o número de prazas públicas de escolas infantís** á disposición das familias galegas, e hoxe en día son xa máis de 25.000; e neste momento temos unha ratio de cobertura do 44%, once puntos por riba do recomendado pola UE.
- Desde 2009 creáronse **recursos pioneiros como as 61 casas niño**, que achegan a posibilidade de conciliar ás zonas rurais, cando antes estaba practicamente restrinxida ás cidades;
- Desde 2009 púxose en marcha o **Bono Concilia**, que axuda a máis de 4.400 familias que non puideron acceder a unha praza pública de escola infantil a pagar unha praza no centro que escollan;





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:33:07
Nº Rexistro: 54587
Data envío: 02/09/2019 09:33:07.869

- Desde 2009 lanzouse unha experiencia piloto como o **Bono Coidado**, unha axuda para as familias que necesitan unha persoa coidadora en circunstancias puntuais, e que desde este ano se pode pedir tamén para pagar unha ludoteca. Xa levamos repartidos 500 bonos coidado.
- E desde 2009 -concretamente, a partir de 2016- os **parques empresariais galegos** dispoñen de axudas para poñer en marcha unha escola infantil nunha das súas parcelas.

No que respecta ás escolas infantís en edificios administrativos da Xunta de Galicia, na actualidade existen escolas infantís nos centros de traballo de:

- Vigo, que abriu en 2006
- E de Pontevedra, que abriu en 2010
- Ademáis en Santiago o persoal da administración autonómica conta coa escola de Vite (dende o ano 1996).

Ademáis dende o curso 2017/2018 reserváanse prazas para os fillos e fillas do persoal da Administración autonómica en escolas infantís nas sete grandes cidades, e nos últimos anos non chegan a cubrirse a totalidade das prazas reservadas.

Polo tanto, a Xunta de Galicia comparte a necesidade de continuar implantando servizos de conciliación nos edificios administrativos da súa titularidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:33:07
Nº Rexistro: 54587
Data envío: 02/09/2019 09:33:07.869

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:33:03

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:59
Nº Rexistro: 54586
Data envío: 02/09/2019 09:32:59.791
Data 02/09/2019 09:32

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47596**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dotación polo Goberno galego á Oficinal Agraria Comarcal de Lugo do persoal previsto na Relación de Postos de Traballo da Consellería do Medio Rural, así como dos recursos necesarios para a prestación dun servizo axeitado”**, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi respondida polo Secretaria Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural na pasada Comisión 7ª celebrada o 19 de xuño do 2019, ao contestar a iniciativa 47947.

Pode consultarse no enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2019-06-19?part=550be925-0c39-49c3-9c95-7a8129351533&start=9209.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:59
Nº Rexistro: 54586
Data envío: 02/09/2019 09:32:59.791

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:32:55

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:51
Nº Rexistro: 54585
Data envío: 02/09/2019 09:32:51.885
Data 02/09/2019 09:32

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47682**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“o contido do informe da Axencia Tributaria de Galicia referido ao balance das actuacións levadas a cabo no ano 2018 en materia de control fiscal, así como as razóns existentes para non publicalo na súa páxina nin no portal de transparencia da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O informe solicitado polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia foi aprobado o pasado 27 de xuño polo Consello Reitor da Axencia Tributaria de Galicia. Unha vez aprobado este informe foi enviado ao Parlamento de Galicia e aos grupos parlamentarios o venres día 28 de xuño. Así mesmo este informe aparece colgado na páxina web da ATRIGA no seguinte enlace:

<http://www.atriga.gal/documents/16561/105563/2018-Informe-Actividade-ATRIGA.pdf/1ddbe356-940f-4eed-a998-61a4fccd2c10>

Ademais a Directora da ATRIGA compareceu ante a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, o día 3 de xullo, a petición propia, para explicar o contido de dito informe, do que lle foi remitida unha copia a cada grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 1

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
02/09/2019 09:32:48

174493

CSV: BOPGDSPGJUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:51
Nº Rexistro: 54585
Data envío: 02/09/2019 09:32:51.885

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:32:48

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:44
Nº Rexistro: 54584
Data envío: 02/09/2019 09:32:44.041
Data 02/09/2019 09:32

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47694**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde o inicio do curso 2017-2018 para a posta en marcha dunha plataforma informática para a elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma, o seu grao de desenvolvemento actual e prazo previsto para o seu remate”**, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 47695 e debatida na Comisión 4ª de data 07/06/2019, á que nos remitimos porque serviu para expor as dificultades tecnolóxicas ás que se ten que facer fronte e o estado no que se atopa o proxecto.

Pode visualizarse o debate coa consulta do seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-06-07?part=dd153e5c-5d31-4f45-a924-d0d84429117c&start=232.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-06-07?part=dd153e5c-5d31-4f45-a924-d0d84429117c&start=232)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 1

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
02/09/2019 09:32:40

174495

CSV: BOPGDSPGJUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:44
Nº Rexistro: 54584
Data envío: 02/09/2019 09:32:44.041

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:32:40

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:36
Nº Rexistro: 54583
Data envío: 02/09/2019 09:32:36.135
Data 02/09/2019 09:32

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47742**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación co impacto das obras realizadas polo Concello de Abadín nunha pista, na accesibilidade dunha vivenda da parroquia de Abeledo situada no barrio do Couto”**, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A mellora da calidade de vida de toda a poboación e, especialmente, das persoas con mobilidade reducida é un dos obxectivos fundamentais da Xunta de Galicia.

Neste senso, o compromiso da Xunta pasa por remover os obstáculos que impiden ou dificulten que as persoas con algún tipo de discapacidade poidan gozar dunha vida autónoma e independente. Por iso é preciso a supresión de barreiras na edificación, nos espazos urbanos, no transporte e na comunicación.

En marzo de 2015 entrou en vigor a Lei 10/2014, do 3 de decembro de **accesibilidade**. Aínda que Galicia xa contaba cunha norma específica na materia, a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, posteriormente desenvolvida polo Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei e o Código de accesibilidade, normas que estableceron as bases para a supresión de barreiras na edificación, nos espazos urbanos, no transporte e na comunicación, e para a promoción da accesibilidade e a mellora da calidade de vida e a autonomía das persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

Un feito obxectivo é que, tanto a lei de accesibilidade anterior do ano 1997 como a actual, foron aprobadas baixo gobernos do Partido Popular, sen dúbida exemplo claro dun



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 3

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
02/09/2019 09:32:32

174497





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:36
Nº Rexistro: 54583
Data envío: 02/09/2019 09:32:36.135

compromiso para acadar unha **sociedade inclusiva**, sen atrancos que impidan a participación de todas as persoas.

Este Goberno é consciente de que é necesario seguir traballando para que a **accesibilidade universal** sexa un principio básico na práctica cotiá, de xeito que todas as persoas poidan acceder en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible, a calquera contorno, servizo, produto..., é dicir, que o conxunto da poboación, con independencia das súas capacidades, teña acceso aos mesmos.

Ademáis, non se pode obviar a grande relevancia que a accesibilidade ten na vida das persoas con discapacidade, de xeito que o Goberno galego renovou o compromiso da Xunta de Galicia para avanzar na consecución da igualdade real das persoas con discapacidade e a súa plena inclusión social, coa aprobación da **Estratexia Galega Sobre Discapacidade 2015-2020**, e que comprende 6 liñas estratéxicas de actuación.

Unha delas é a Liña de Accesibilidade que ten como obxectivo estratéxico asegurar a **accesibilidade universal** que faga posible a participación das persoas con discapacidade nos distintos ámbitos en igualdade de condicións que o resto da poboación; concretamente esta liña comprende actuacións a realizar no horizonte temporal desta Estratexia, a cal foi deseñada e elaborada polas propias entidades representativas das persoas con discapacidade que participaron no grupo de traballo que se creou con esta finalidade.

Este compromiso materializouse nos últimos anos a través do impulso e da posta en marcha de actuacións dirixidas a garantir os dereitos e a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias: adaptando as infraestruturas, instalacións e equipamentos para dar estrito cumprimento aos criterios de igualdade, autonomía e inserción social.

Nese compromiso que ten o Goberno galego cómpre que todas as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, traballen a reo para que accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía sexa unha realidade. **Este Goberno continuará realizando todos os esforzos nese senso.**

No que respecta ao problema de accesibilidade no Concello de Abadín, a Xunta de Galicia, a través da Comisión Técnica de Accesibilidade da Consellería de Política Social, remitiu sendos requirimentos para que o Concello, titular da vía pública e por tanto competente para executar a obra, proceda canto antes á subsanación dos efectos negativos das obras



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:36
Nº Rexistro: 54583
Data envío: 02/09/2019 09:32:36.135

realizadas que imposibilitan a unha persoa con discapacidade o acceso a súa vivenda no lugar de Coto na parroquia de Abeledo.

Dita Comisión Técnica reúnese en función da entrada de peticións, celebrándose a última reunión en xuño do 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:36
Nº Rexistro: 54583
Data envío: 02/09/2019 09:32:36.135

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:32:32

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:28
Nº Rexistro: 54582
Data envío: 02/09/2019 09:32:416
Data 02/09/2019 09:32

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 47946**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da precariedade que presenta a dotación de persoal da Oficina Agraria Comarcal de Lugo e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 450 do 27 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi respondida polo Secretaria Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural na pasada Comisión 7ª celebrada o 19 de xuño do 2019, ao contestar á iniciativa 47947.

Pode consultarse no enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2019-06-19?part=550be925-0c39-49c3-9c95-7a8129351533&start=9209.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 1

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
02/09/2019 09:32:24

174501

CSV: BOPGDSPGJUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:28
Nº Rexistro: 54582
Data envío: 02/09/2019 09:32:28.416

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:32:24

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:13
Nº Rexistro: 54580
Data envío: 02/09/2019 09:32:13.228
Data 02/09/2019 09:32

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 48060**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Luis Villares Naveira e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns de que Galicia teña os prezos do leite máis baixos do Estado, a súa relación co descenso do número de produtores e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 456 do 4 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa xa foi respondida polo director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, na pasada Comisión 7ª celebrada o 19 de xuño do 2019, ao contestar a iniciativa 48061.

Pode consultarse no enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2019-06-19?part=550be925-0c39-49c3-9c95-7a8129351533&start=7524.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:13
Nº Rexistro: 54580
Data envío: 02/09/2019 09:32:13.228

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:32:09

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:03
Nº Rexistro: 54579
Data envío: 02/09/2019 09:32:03.103
Data 02/09/2019 09:31

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 48293**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do grao de incidencia da soidade non desexada en Galicia, o número de persoas que se poden ver afectadas e as medidas concretas que se van poñer en marcha na X lexislatura para previla e abordala”**, (publicada no BOPG número 456 do 4 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Á Xunta de Galicia preocúpalle moito que haxa persoas maiores que viven soas sen desexalo. E por iso dende a Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade traballamos para minimizar os efectos deste fenómeno. A loita contra a soidade vai aparellada ao que chamamos envellecemento activo.

O traballo das Administracións debe centrarse en darlles ás persoas maiores alternativas para o seu tempo libre desde o ocio ata a acción voluntaria:

Así, neste ano 2019 arranca o Voluntariado Sénior, un programa pioneiro para fomentar que as persoas maiores de 55 anos se incorporen ao voluntariado nos campos que lles interesen:

- ➔ A Promoción do Camiño de Santiago e o Xacobeo 2021,
- ➔ A recuperación da cultura, arte e tradicións populares galegas,
- ➔ E a posta en valor dos seus coñecementos e experiencia.

Paralelamente, tamén continuamos con programas que xa teñen unha ampla traxectoria e que esperan con moito interese moitas persoas maiores:

- ➔ ‘Benestar en balnearios e talasos’, que pon máis de 1.000 prazas ao longo de toda Galicia á súa disposición;





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:03
Nº Rexistro: 54579
Data envío: 02/09/2019 09:32:03.103

➔ Ou 'Xuntos polo Nadal', que congrega cada ano a 260 persoas nas residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño nesas datas tan especiais.

Ademais, as persoas maiores que viven soas e necesitan apoio tamén contan con programas que atenden ás súas necesidades específicas:

No ano 2018, puxemos en marcha o 'Acompañó', un programa de voluntariado dirixido a solventar a necesidade de compañía e atención das persoas autónomas, maiores de 65 anos, que voluntariamente deciden vivir soas nos seus fogares.

Para garantir que as persoas maiores contan cada día con comida sa e equilibrada na súa mesa, existe o programa 'Xantar na casa'. Un programa moi exitoso e que reforzamos ao longo destes dez anos.

Servizos de atención a domicilio das persoas maiores como o 'Servizo de Axuda no Fogar', un programa no que somos unha referencia en toda España.

Por outra parte, a Xunta de Galicia pon a tecnoloxía ao servizo das persoas maiores que viven soas co programa de Teleasistencia, que xestiona a Cruz Vermella e que permite que máis de 5.700 persoas maiores contan con apoio profesional 24 horas cando se sintan inseguros, sós ou teñan calquera accidente.

O programa Convive de acollemento familiar de persoas maiores, un programa que facilita a integración de persoas maiores e persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, no seo dunha familia alternativa para que atenda as necesidades derivadas da súa idade ou dependencia.

No ano 2018 atendéronse a un total de 98 persoas maiores e 11 persoas con discapacidade.

A valoración do Goberno galego deste programa é positiva, pois se trata dunha alternativa máis que complementa os servizos de atención aos maiores que ten a Xunta de Galicia.

Tamén podemos sinalar, as Casas do Maior, un servizo pioneiro que impulsa a Xunta de Galicia para ofrecer un recurso de atención ás persoas que superan os 60 anos de idade e que residen en municipios do rural. Estas Casas están destinadas a persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada ou severa, é dicir, graos I e II. En cada unha delas recibirá atención gratuíta un mínimo de dúas persoas e a un máximo de cinco.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:03
Nº Rexistro: 54579
Data envío: 02/09/2019 09:32:03.103

Un dos principais obxectivos que procura a Xunta con este innovador programa é que as persoas maiores poidan permanecer na súa contorna e evitar así o distanciamento do lugar ou parroquia na que vive e teñen o seu círculo familiar e de amizades.

O Goberno galego é plenamente consciente de que non só hai que buscar o benestar físico das persoas maiores, senón que hai que cubrir as súas necesidades psíquicas, de calidade emocional, de relacións persoais. Polo todo isto, durante a X lexislatura vaise elaborar un informe en colaboración coa Fegamp, que incluírá un censo de persoas maiores que viven soas en Galicia, que permita dimensionar o impacto do fenómeno da soidade non desexada na nosa comunidade.

Tendo en conta os resultados deste informe, e en colaboración coa Fegamp, o Goberno de España, e a participación do terceiro sector, elaborárase unha Estratexia de prevención e atención á soidade non desexada en Galicia, que aborde de forma integral este fenómeno.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:32:03
Nº Rexistro: 54579
Data envío: 02/09/2019 09:32:03.103

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:31:59

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:35:22
Nº Rexistro: 54603
Data envío: 02/09/2019 09:35:22.353

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:35:18

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 46094** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona Ánxeles Cuña Bóveda, sobre **“os obxectivos da posta en marcha nos centros educativos dunha campaña de concienciación infantil e xuvenil a favor da minaría en Galicia, así como o financiamento público destinado pola Xunta de Galicia para ese fin”**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria con motivo do debate da interpelación 46095 que tivo lugar na sesión plenaria do 13 de marzo de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-03-13?part=6dd195c3-67fc-468e-b916-aa85e82f7dc6&start=5937>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:35:06
Nº Rexistro: 54601
Data envío: 02/09/2019 09:35:06.619

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:35:02

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 46379**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as liñas mestras que vai seguir a política do Goberno galego para continuar avanzando nos eidos da igualdade e da coeducación en Galicia nos vindeiros anos”**, (publicada no BOPG número 437, do 27 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 46380, debatida no Pleno da Cámara galega de data 12-13/03/2019 e á que nos remitimos porque serviu para explicar o enfoque das accións en materia de igualdade, coeducación e convivencia que se está a fomentar nos centros educativos de Galicia.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-03-13?part=5e075753-f956-483f-8eaf-4254785c0c43&start=10689>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:34:34
Nº Rexistro: 54597
Data envío: 02/09/2019 09:34:34.291

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:34:30

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:30:43
Nº Rexistro: 54569
Data envío: 02/09/2019 09:30:43.635
Data 02/09/2019 09:30

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 49343**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“as razóns do Goberno galego para a creación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual, o número de centros que solicitaron a súa inclusión nela e os criterios de selección seguidos ao respecto, así como o custo que vai supoñer esta medida ata o 31 de decembro de 2019”**, (publicada no BOPG número 470, do 30 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** que ten o seguinte contido:

“En relación coas ensinanzas de formación profesional, na última década Galicia foi quen de ofrecer unha FP cada vez máis atractiva e adaptada ao tecido socioproductivo e que fomenta o emprendemento, ao tempo que está a dar pasos significativos para consolidar a FP Dual.

Concretar que, en maio 2019, a Xunta aprobou o Plan de dinamización da FP Dual de Galicia, no que se investirán 5 millóns de euros en dous cursos. A primeira acción prevista no Plan, que foi posta en marcha xa no curso 2018-19, foi a creación da Rede galega de dinamización da FP Dual (REGADual), a través da que se nomearon 47 centros dinamizadores da FP Dual en toda Galicia e unha persoa responsable da dinamización a tempo completo en cada un deles.

A Rede de Dinamización da FP Dual conta con financiamento europeo, o que implica que hai uns indicadores a cumprira para avaliar o uso axeitado dos fondos recibidos. En concreto, a Consellería de Educación, Universidade e FP deseñou esta iniciativa ao amparo dos recursos do Fondo Social Europeo (FSE) para Impulso á Formación Dual e Para accións de fomento da Formación Profesional, de acordo coas liñas de actuación previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación 2014-2020.



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2



En novembro de 2018, a Conferencia Sectorial de Educación, Ministerio e CCAA acordaron a distribución territorial dos fondos previstos nas devanditas accións do Plan Estratéxico da Formación Profesional correspondente aos Programas de Cooperación Territorial acordados entre Estado e CCAA.

Por tanto, ao amparo deste programa, a Rede de Dinamización da FP Dual é a acción deseñada pola Xunta para cumprir co compromiso previsto de captación de empresas e creación de prazas de dual a través do financiamento da figura do persoal de prospección de empresas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:30:43
Nº Rexistro: 54569
Data envío: 02/09/2019 09:30:43.635

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:30:39

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 49814**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración do Goberno galego en relación coa situación na que se atopa a Escola de Cantería de Poio, a consecuencia da falta de recoñecemento oficial dos estudos que imparte, así como as xestións levadas a cabo respecto da demanda da Deputación Provincial de Pontevedra referida á homologación da súa titulación**”, (publicada no BOPG número 476, do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A Escola de Canteiría empeza a súa andadura o 15 de xaneiro de 1979 nas instalacións do mosteiro de Poio, dependente do Ministerio de Cultura. O primeiro curso comeza cunha matrícula de 29 prazas. Posteriormente, en 1982 pasa a depender da Deputación de Pontevedra e a partir do ano 2000 iníciase un novo proxecto con instalacións propias.

A finalidade desta Escola, tal e como se recolle na súa web oficial, é conservar e promover un dos oficios máis antigos e nobres de Galicia, o de cantería, para ensinar a arte de traballar a pedra. Así, o centro desenvolve as súas actividades como un obradoiro de traballo artesanal en pedra, no que se combinan o ensino teórico e o práctico.

A Escola de Canteiros de Poio-Pontevedra, dependente da Deputación de Pontevedra, imparte na actualidade formación propia e non regrada. En concreto, estudos de cantería e de mestre/a cantería.

Desde a perspectiva educativa, a Consellería respecta e valora o prestixio da formación non regrada que recibe o alumnado deste centro –do que sabe que é demandado para traballar en diversos lugares do mundo-, pero non pode entrar en cuestións que non son da súa competencia, xa que na actualidade non son ensinanzas oficiais de FP.



Neste momento, relacionados coa pedra están definidos varios ciclos na familia profesional de Industrias extractivas e na de Edificación e Obra Civil, pero estas ensinanzas de FP teñen pouco que ver coa formación de canteiros.

Como é coñecido, existen unhas normas e uns procedementos fixados desde o Estado que debe cumprir a entidade titular da Escola de Canteiros para posibilitar o recoñecemento oficial das súas ensinanzas como formación oficial.

Segundo a normativa educativa vixente, o Goberno central pode decidir crear unha nova titulación de FP que se axuste ás ensinanzas de cantería e mestre de cantería, modificando o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Unha vez exista ese novo título, é cando sería posible o poder facilitar a homologación ou recoñecemento dos títulos expedidos pola escola.

Por ultimo, a Consellería de Educación, Universidade e FP quere deixar constancia de que está a favor da creación e da existencia de ciclos formativos que teñan relación coa tradición e cos sectores produtivos de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54564
Data envío: 02/09/2019 09:28:51.510

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:28:47

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 44076** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre “**o funcionamento da residencia de maiores de Chantada**”, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A inspección de servizos sociais da Consellería de Política Social tramita todas as queixas que se interpoñen contra os distintos centros e programas de servizos sociais que funcionan en Galicia. Así, toda queixa que se recibe deriva nunha investigación sobre os feitos denunciados, e do seu resultado dáse resposta á persoa que reclama.

Na Residencia DomusVi Chantada realizáronse visitas de inspección ordinaria os anos 2017 e 2018, así como as que derivaron das reclamacións presentadas contra o devandito centro nas que foi preciso realizar unha visita para a súa investigación *in situ*.

Nestas visitas verificouse o funcionamento do centro e tras as mesmas remitíuselle un requirimento coas deficiencias que era preciso emendar.

Cómpre sinalar que este ano 2019 non se recibiu ningunha reclamación respecto ao funcionamento deste centro.

En relación á ratio de persoal de atención directa nos centros de atención a persoas maiores, recóllese na Orde do 18 de abril de 1996, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.



Así, establécese que a ratio mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa é de 0,20 por usuario/a en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes.

Nas visitas de inspección de servizos sociais que se realizan aos centros de atención a persoas maiores verifícase de forma exhaustiva o cumprimento dos devanditos requisitos de persoal.

A verificación desta ratio de persoal faise en función do número de residentes e do seu nivel de dependencia, isto é, en función das necesidades existentes en cada momento. Polo tanto, a ratio actualízase en función da evolución do nivel de dependencia das persoas usuarias, polo que non é estática no tempo.

Actualmente hai 29 persoas tuteladas pola FUNGA na residencia de maiores de Chantada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:41:02
Nº Rexistro: 54647
Data envío: 02/09/2019 09:41:02.760

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:40:59

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 44887** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa evolución que presenta o perfil das persoas usuarias dos comedores sociais, así como o aumento do seu número ao longo de 2018”**, (publicada no BOPG número 428 do 7 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento, na sesión plenaria do día 27 de febreiro de 2019, ao darlle resposta á pregunta 44888 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Remitímonos ao alí exposto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:38:45
Nº Rexistro: 54629
Data envío: 02/09/2019 09:38:45.072

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:38:41

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 45003**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a valoración por parte da Xunta de Galicia dos datos do Instituto Nacional de Estatística sobre o subministro e o saneamento da auga, da xestión de Augas de Galicia e as medidas que vai adoptar para a mellora da xestión dos recursos hídricos”**, (publicada no BOPG número 428, do 7 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“De conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e coa normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia (que fai referencia expresa e respecta esta lexislación básica e o principio de autonomía local), os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais.

Os concellos teñen as atribucións en materia de subministro de auga e son os competentes na xestión das redes de abastecemento e saneamento. Son as administracións locais as responsables de decidir as medidas para a xestión destes servizos municipais; as que teñen a posibilidade de adoptar medidas respecto da xestión destas redes e respecto da forma de utilización dos servizos; e as que poden e deben aplicar medidas de aforro.

Augas de Galicia ten atribucións respecto do control dos recursos hídricos en períodos de seca hidrolóxica na demarcación Galicia-Costa. O obxectivo principal da súa xestión nestes períodos é garantir o abastecemento á poboación e minimizar os efectos negativos sobre o medio natural, establecendo medidas, de ser o caso, que protexan a flora e a fauna fluvial.

Desde a Xunta de Galicia, nestes períodos, trabállase en colaboración coas administracións con competencias na materia, entre elas, as administracións locais, coas que se mantén unha coordinación técnica permanente, estando en continuo contacto para avaliar conxuntamente a situación e os distintos indicadores e así poder dar unha resposta coordinada.



Conscientes da necesidade de adaptar a xestión da auga ao novo contexto do cambio climático e de dar un maior apoio aínda aos concellos, desde a Xunta estase traballando en varias liñas de actuación: con proxectos normativos, como a Lei de garantía de abastecemento, para garantir o subministro en cantidade e calidade idóneas á poboación, reducir a vulnerabilidade dos sistemas e protexer a saúde pública fronte a situacións adversas como a seca; ou poñendo en marcha liñas de apoio técnico e económico aos concellos para que elaboren os seus plans de emerxencia fronte á seca que permitan garantir o abastecemento de auga á poboación.

A Lei de garantía de abastecemento está destinada a mellorar o funcionamento dos sistemas de abastecemento de auga e a coordinar de forma responsable a actuación en período de seca. Todo isto nun marco de colaboración institucional no que a Xunta asume de forma directa a responsabilidade de velar por que se cumpran eses obxectivos e garante o apoio técnico e financeiro aos concellos como responsables legais do deber de proporcionar auga á poboación.

Concretamente en relación á mellora das redes de abastecemento, cómpre salientar que a Lei establece diversas medidas, como a obrigatoriedade de dispoñer de contadores homologados de caudal, tanto nos puntos de captación de auga, como nos puntos de subministración final, entre outras, co obxectivo de situar as fugas de auga das redes de abastecemento por debaixo do 20%.

Desde a Xunta trabállase, polo tanto, con intensidade para fomentar o consumo responsable da auga e a mellora da eficiencia dos sistemas de abastecemento, así como para dotarse dunha planificación que garanta o abastecemento de auga en todas as situacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:38:15
Nº Rexistro: 54625
Data envío: 02/09/2019 09:38:15.041

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:38:11

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 45832** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da rectificación da súa política económica co fin de evitar a consolidación da pobreza en Galicia, a súa opinión referida á viabilidade do cumprimento dos obxectivos do Plan estratéxico vixente e as medidas adoptadas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, e especificamente a Consellería de Política Social, dispón de instrumentos dirixidos ás persoas que mais o necesitan.

As medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, encádranse, a efectos de planificación estratéxica:

Na Estratexia Social de Inclusión de Galicia 2014-2020, que establece as prioridades no ámbito da inclusión social para o período 2014-2020 cun enfoque baseado na inclusión social activa.

e na Axenda Social Única de Galicia, que constitúe o marco xeral de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema Galego de Servizos Sociais – Xunta de Galicia e entidades locais-, e igualmente en colaboración coas entidades de iniciativa social.

Nos ditos instrumentos aplícase a perspectiva de xénero, e as intervencións que se prevén toman en consideración as diferenzas entre mulleres e homes en todos os ámbitos. De feito, a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é unha prioridade transversal da Estratexia de Inclusión, que contempla medidas específicas ou de acción positiva, moitas delas desenvolvidas pola Secretaría Xeral de Igualdade. Así mesmo, priorízanse tamén as mulleres no acceso a prestacións, e concretamente á renda de inclusión social de Galicia (RISGA), en virtude da acción positiva de xénero establecida no artigo 23 da lei de inclusión social de Galicia.



Para o desenvolvemento das medidas expostas, a Xunta ven realizando un importante esforzo orzamentario nos últimos anos. A D.X. de Inclusión Social conta en 2019 cun orzamento de mais de 119 millóns de euros, un 70% máis do que se destinaba hai 10 anos. Así mesmo, as medidas pertencentes á área competenciais doutros departamentos da Administración Autonómica contan co seu propio crédito.

De entre as medidas implementadas máis recentemente cómpre destacar dúas :

A publicación do decreto de regulación da RISGA, que coa entrada en vigor de dous novos tramos da axuda está a permitir o incremento das contías a percibir por moitos beneficiarios, entre outras melloras.

A aprobación do primeiro plan autonómico para atención ás persoas sen fogar en Galicia, que suporá a aplicación de novos enfoques e un importante respaldo económico ata o 2023, nunha aposta pola eficacia na calidade da resposta e na redución desta problemática social en Galicia.

Os últimos datos oficiais de pobreza publicados amosan a efectividade destas medidas:

De acordo cos datos do INE, Galicia reduciu en 2018 en mais dun 30% o número de persoas que se atopa nunha situación de carencia material severa, pasando do 2,4% en 2017 ao 1,6% en 2018, o que consolida unha baixada por cuarto ano consecutivo. Este valor é menos dun terzo do rexistrado no conxunto do Estado (5,4%), sendo Galicia a segunda comunidade autónoma con menor taxa de privación material severa, só por detrás de Aragón.

Así mesmo, o valor da taxa AROPE (23 %) e do risco de pobreza económica (18,8%) en Galicia son inferiores aos do conxunto do Estado (26,1% e 21,5% respectivamente)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 2 de 2



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:35:52
Nº Rexistro: 54607
Data envío: 02/09/2019 09:35:52.478

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:35:49

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:40:13
Nº Rexistro: 54640

Data envío: 02/09/2019 09:40:13.432

Data 02/09/2019 09:40

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 44352**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal, sobre **“as posibilidades de produción de enerxía eléctrica descentralizada en Galicia con minicentrais e microcentrais hidroeléctricas”**, (publicada no BOPG número 422, do 30 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A produción de enerxía eléctrica lévase a cabo mediante o outorgamento de concesións administrativas realizado tras a preceptiva tramitación do procedemento establecido normativamente que ten que ser instado, en todo caso, polos particulares interesados.

Actualmente para as concas de Galicia Costa, impídese, segundo o disposto no artigo 44.d da normativa do vixente Plan Hidrolóxico, aprobado polo Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, o outorgamento de novas concesións que supoñan a implantación de novos obstáculos transversais no leito ou calquera outro elemento que comprometa, a xuízo da Administración hidráulica, o mantemento da continuidade lonxitudinal fluvial.

Polo tanto, na actualidade, o Plan Hidrolóxico vixente establece que non poderán ser autorizados novos elementos transversais nos ríos, o que leva consigo que toda solicitude que supoña a implantación dun novo obstáculo nos ríos debe ser denegada, permitíndose unicamente a repotenciación de centrais existentes.



É mais, de acordo coas directrices sentadas pola planificación e de acordo coa política de augas actual, debe traballarse para localizar obstáculos inactivos nos ríos coa finalidade de eliminalos e potenciar máis a continuidade fluvial deses ríos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:40:13
Nº Rexistro: 54640
Data envío: 02/09/2019 09:40:13.432

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:40:10

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:35:45
Nº Rexistro: 54606
Data envío: 02/09/2019 09:35:45.057
Data 02/09/2019 09:35

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 46014** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Abel Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a situación que está a atravesar o estaleiro Vulcano na cidade de Vigo, as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o remate do ferry que se está a construír nel e a estratexia que está a seguir para garantir o pagamento das cantidades pendentes aos traballadores, provedores e empresas auxiliares”**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta iniciativa foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 46015 que tivo lugar na sesión do 7 de marzo de 2019 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2019-03-07?part=d1ef5fcc-21c6-47c5-bbf1-ae8f74797831&start=1185>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:35:45
Nº Rexistro: 54606
Data envío: 02/09/2019 09:35:45.057

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:35:41

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:35:14
Nº Rexistro: 54602

Data envío: 02/09/2019 09:35:14.541

Data 02/09/2019 09:35

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 46051**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal, sobre **“a campaña de concienciación infantil e xuvenil a favor da minaría en Galicia posta en marcha a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas nos centros de ensino”**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria con motivo do debate da interpelación 46095 que tivo lugar na sesión plenaria do 13 de marzo de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-03-13?
part=6dd195c3-67fc-468e-b916-aa85e82f7dc6&start=5937](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-03-13?part=6dd195c3-67fc-468e-b916-aa85e82f7dc6&start=5937)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:35:14
Nº Rexistro: 54602
Data envío: 02/09/2019 09:35:14.541

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:35:11

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43950**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as axudas para previr os danos causados, polo lobo e o porco bravo, na gandería e nos cultivos agrícolas”**, (publicada no BOPG número 419 do 25 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno do Parlamento celebrada o pasado 13 de febreiro de 2019 pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, D^a María Ángeles Vázquez Mejuto, en resposta á pregunta oral 43949.

Na súa intervención, a conselleira respondeu ás preguntas formuladas sobre as bases de dita orde de axudas, os criterios empregados e as consultas realizadas ao sector”.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 13 de febreiro de 2019:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-02-13?
part=932875c7-2491-4b0e-a11a-2c7c921b76f4&start=6371](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-02-13?part=932875c7-2491-4b0e-a11a-2c7c921b76f4&start=6371)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:41:26
Nº Rexistro: 54650
Data envío: 02/09/2019 09:41:26.369

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:41:22

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:41:10
Nº Rexistro: 54648
Data envío: 02/09/2019 09:41:10.885
Data 02/09/2019 09:41

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 43968**, formulada polo Grupo Parlamentario de En marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, don David Rodríguez Estévez e dona Paula Quinteiro Araujo, sobre **“as axudas para a prevención dos danos da fauna salvaxe”**, (publicada no BOPG número 417 do 23 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación ás axudas convocadas este ano, e co obxectivo de consensuar as medidas e a súa implantación, na elaboración das bases tivéronse en consideración diferentes propostas formuladas polo sector. Por exemplo, tivéronse en conta propostas relacionadas coa adquisición de cans e incorporouse a proposta de incluír a instalación de valados como medida preventiva subvencionable. Tamén se consideraron distintos aspectos relativos á baremación como, por exemplo, a de puntuar a existencia de danos previos nas explotacións para favorecer que os gandeiros máis afectados teñan preferencia na concesión destas axudas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:41:10
Nº Rexistro: 54648
Data envío: 02/09/2019 09:41:10.885

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:41:07

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:40:40
Nº Rexistro: 54643

Data envío: 02/09/2019 09:40:166

Data 02/09/2019 09:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 44200** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas orzamentarias concretas que vai adoptar o Goberno galego co fin de asegurar o financiamento autonómico para o proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo”**, (publicada no BOPG número 422 do 30 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda e a Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta conxunta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e da Consellería do Mar á pregunta escrita número 44202, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 456, do 4 de abril de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:40:40
Nº Rexistro: 54643
Data envío: 02/09/2019 09:40:40.166

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:40:32

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:36:23
Nº Rexistro: 54611

Data envío: 02/09/2019 09:36:23.369

Data 02/09/2019 09:36

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 45817**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as razóns da Corporación de RTVG para relegar das súas funcións como redactora a unha presentadora dos informativos da TVG, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 435, do 21 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

Esta pregunta xa foi respostada como PRE co número 45818 e enviada anteriormente.

Ademais, esta pregunta xa foi respostada oralmente polo director xeral da CRTVG na Comisión de Control do día 28 de febreiro de 2019 a pregunta do grupo parlamentar do BNG, co número 45721 no seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-permanente-non-lexislativa-control-corporacion-rtvg-2019-02-28?part=5474c21c-8b27-4a2a-8f42-0f513e1f9830&start=6644>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:36:23
Nº Rexistro: 54611
Data envío: 02/09/2019 09:36:23.369

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:36:20

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:35:36
Nº Rexistro: 54605

Data envío: 02/09/2019 09:35:36.963

Data 02/09/2019 09:35

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 46021**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a información emitida pola Corporación de RTVG o día 10 de febreiro de 2019 respecto das mobilizacións cidadás levadas a cabo en Madrid, en relación con diversos aspectos da política nacional, así como en Santiago de Compostela en relación coa xestión do sistema sanitario de Galicia”**, (publicada no BOPG número 435, do 21 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta xa foi respostada como PRE e enviada anteriormente co número 46022. Ademais, fora contestada oralmente polo director xeral da CRTVG ao mesmo grupo parlamentar, na Comisión de Control do día 28 de febreiro de 2019, co número 42723”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 09:35:36
Nº Rexistro: 54605
Data envío: 02/09/2019 09:35:36.963

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2019 9:35:33

CSV: BOPGDSPGUNL757SVc3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

